

Destinos provisionais 2018-2019

A Consellaría pecha toda negociación sobre os destinos provisionais convertendo en fixa a orde que os regula.

Tan só publicará anualmente as datas da convocatoria e as listaxes de participantes.

Cambios importantes na convocatoria de DESTINOS PROVISIONAIS. A Consellaría decide evitar o debate que cada ano mantemos na Mesa Sectorial sobre as melloras necesarias para as nosas condicións de traballo: regulamentación das afíns, prazos das convocatorias e presenza nos centros para poder elixir grupos en igualdade de condicións, etc...

Hai que ter en conta que a realidade destes últimos anos evidencia que esta é unha orde que sufriu cambios e é susceptible, polo carácter temporal dos destinos, de sufrilos (afíns, comisións de servizo, criterios de prioridade- centros, especialidades-, normas de adxudicación, obriga ou non de facer novas solicitudes, preferencia de colectivos, impartición de especialidades doutros corpos, posibilidade de pedir destino sendo expectativa ou definitivo nalgunhas especialidades ou corpos, normas que dependen en exclusiva da Xunta e por tanto da negociación na Mesa Sectorial e que agora se evitan). É unha decisión que non ofrece ningunha mellora, recorta as posibilidades de negociación e evidencia que a administración non acepta propostas -nin melloras técnicas nin de condicións de traballo-: ao inmovilismo súmase a falta de transparencia.

Todo
o profesorado sen
destino definitivo terá
que presentar este ano a
instancia na sede
electrónica da
Xunta

Obriga de participar a través da sede electrónica da Xunta.

A principal novidade deste ano é que se implanta a participación a través da sede electrónica da Xunta. Por tanto, non

abondará como até agora con cubrir a instancia no CADP. Esta obriga será por este curso, xa que a partir do curso seguinte quen non precise cambiar a instancia non terá porque facelo. Esta obriga ten unha especial importancia para o colectivo de persoal interino e substituto, xa que a Consellaría eliminará das listas nas que estean a aquelas persoas que non participen. Teñamos

en conta que até este curso o profesorado interino tiña previamente cargada a solicitude do curso anterior e a Consellaría non retiraba das listas ao persoal substituto que por vez primeira tiña consolidado o posto e, por tanto, obriga de participar. Desde a CIG-Ensino solicitamos dúas medidas que terían carácter transitorio para este curso, ao ser o ano de aplicación dos cambios:

- Que non se elimine das listas ao persoal interino e que se indique na convocatoria que, de non se presentar instancia, a Consellaría recuperará a última presentada.

DATAS E PRAZOS	
PROFESORADO DESPRAZADO. Comunicación da Inspección aos centros.	Antes do 10 de xuño
Publicación das listaxes de participantes	Fixarase cada ano coa publicación da convocatoria.
Prazo de reclamación ás listaxes de participantes	5 días hábiles
Prazo para participar	Fixarase cada ano coa publicación da convocatoria.
Prazo para participar do profesorado que aprobe as oposicións	2 días hábiles desde a publicación da listaxe de aprobados
Publicación das vacantes provisionais	NON SE FIXA NIN SE GARANTE QUE SE VAIAN COÑECER
Reclamación ás vacantes provisionais	NON SE PERMITE PRAZO PARA RECLAMAR
Resolución provisional	Fixarase a data PREVISÍBEL cada ano coa publicación da convocatoria.
Renuncias e reclamacións	Fixarase cada ano coa publicación da convocatoria.
Resolución definitiva	Fixarase a data PREVISÍBEL cada ano coa publicación da convocatoria.
Toma de posesión	1 de setembro para o corpo de mestres. Na data prevista para a impartición efectiva das clases

- 🔊 No caso do persoal substituto que tería que participar por primeira vez, que non se elimine das listas e quede para facer substitucións.
- 🔊 Que se mande un correo e un SMS **cinco días** antes de rematar o prazo a todo o profesorado que, tendo obriga de participar, non o fixera, indicando as consecuencias que terá a non participación.

A CIG-Ensino demanda transparencia nos perfís e na oferta de vacantes.

Este curso a Consellaría consolida o cambio introducido o ano pasado, limitando a dúas as afíns que se poden engadir a unha especialidade mais permitindo que os módulos de Comunicación e Sociedade) e de Ciencias Aplicadas. Desde a CIG-Ensino amosamos de novo a nosa desconformidade con este paso

totalmente insuficiente e lamentamos que a Consellaría decida pechar en falso o debate sobre a regulamentación das afíns retirando da Mesa Sectorial a negociación anual dos destinos provisionais. A proposta da CIG-Ensino parte de fixar unha única afín e que se negocie e estableza unha relación de especialidades que poden ser afíns, evitando así perfís absolutamente disparatados como os que vimos denunciando ano tras ano desde a CIG-Ensino.

A Consellaría impide o control das vacantes ofertadas, ao non fixar criterios nin prazos

O alto índice de provisionalidade debe reducirse canto antes. Logo das denuncias da

PROFESORADO INTERINO E SUBSTITUTO.

Prazo para solicitar a non participación (só casos específicos regulados nas normas de persoal interino)	Este curso: do 1 ao 11 de xuño. A partir do curso 2019/20: do 15 ao 31 de maio.
Prazo para presentar renuncia (só casos específicos regulados nas normas de persoal interino)	No prazo de reclamacións á resolución provisional
Prazo para solicitar substitucións en determinados concellos (só casos específicos regulados nas normas de persoal interino)	Do 16 de xullo ao 17 de agosto

CIG-Ensino e das evidencias feitas públicas dun importante número de centros que contaban nos seus claustros con máis de 10 persoas sen destino definitivo, é certo que a adxudicación do CXT mellorou este curso, tanto no corpo de mestres como no de PES, sendo escasa a incidencia nos demais corpos. Mais o paso dado é absolutamente insuficiente. Queremos un compromiso claro para ofertar no próximo CXT todas as prazas que a día de hoxe non están ocupadas por profesorado con reserva do posto de traballo (comisións de servizo, liberacións, asesorías, etc...).

Hai que rematar coa longa permanencia en situación de expectativa e mellorar a mobilidade do profesorado definitivo.

Parécenos especialmente preocupante a discrecionalidade e falta de control que se permite á hora de ofertar as vacantes e o perfil destas. Propuxemos, por tanto, mellorar a transparencia, permitindo que todas as que se oferten podan ser públicas unha vez que o equipo directivo do centro as carga na aplicación, favorecendo deste xeito o control por parte das persoas participantes e a negociación por parte das organizacións sindicais, que no caso dos corpos diferentes ao de mestres é inexistente. Coa orde, tal e como se pecha en falso, incídese nunha política de persoal allea ao profesorado e que bloquea a transparencia e o acceso a unha información que debería ser pública.

Propostas ao articulado da orde.

- **Artigo 1.** Na orde cítanse que se poden solicitar destinos en centros públicos “que dispoñan dun convenio que así o prevexa”. Solicitamos unha solución aos postos que se ocupan desde as listas de interinaxe en centros que non dependen de administracións educativas cara á puntuación nos procesos selectivos e aos concursos de traslados (neste caso están actualmente os centros dependentes das Deputacións).
- **Artigo 2.2**
 - Atendendo ao cambio introducido nas comisións de servizo por conciliación, as persoas sen destino definitivo que as soliciten teñen que facer unha solicitude ordinaria. A redacción é confusa. Propoñemos a seguinte: “O persoal docente suprimido, desprazado, en expectativa ou interino que formule solicitude de comisión de servizos por razón de saúde ou de conciliación deberá efectuar ademais unha solicitude ordinaria. **A Consellaría revisará a nosa proposta.**
 - Diferenza entre concilia e saúde para quen aproba a oposición: poderá solicitar concilia mais non saúde (presentando ademais solicitude ordinaria). Se antes foi persoal interino e xa solicitou concilia non ten porque facer unha nova petición de comisión. Se a fai anula a anterior.

- O persoal interino que aproba a oposición está obrigado a facer unha nova solicitude ordinaria. Estamos en desacordo xa que entendemos que isto debe ser opcional e non obrigatorio. Se a persoa dá por boa a instancia presentada como interina non debe presentar unha nova e a Consellaría só ten que cambiala de colectivo. **A Consellaría revisará a nosa proposta.**
- **Artigo 3.1.b)** Profesorado desprazado. Inclúese que se poderá colocar de oficio a quen non participe “preferentemente” nas especialidades da que é titular. Até agora só se mencionaba “nun centro da localidade”. Defendemos que só se coloque de oficio na ou nas especialidades que se teñan e non en calquera. **A Consellaría revisará a nosa proposta.**
- **Artigo 3.3. Comunicación de desprazamento ou supresión. Adiántase a data de comunicación, no sentido que viñamos demandando (antes finais de xuño, agora antes do 10 de xuño).** Solicitamos que se faga pública a listaxe numérica de prazas suprimidas en cada centro por especialidades e, posteriormente, a listaxe nominal do profesorado desprazado ou suprimido. **A Consellaría publicará a listaxe de profesorado suprimido e desprazado e afirma que non terían problema en publicar previamente o número de prazas.**
- **Artigo 3.5.** A Consellaría mantén o número de 20 horas lectivas para determinar o profesorado de cada departamento. Solicitamos un paso adiante no camiño de recuperar o horario lectivo de 18 horas en secundaria aos efectos de computar as prazas e impartir docencia. **A Consellaría non está disposta a esta redución.**
- **Artigo 3.7.** Cando se fala de desempate entre profesorado desprazado debe incluírse tamén ao suprimido. **A Consellaría revisará a nosa proposta.**
- **Artigo 6.b).** Substitución zonal. Solicitamos que o profesorado en prácticas poda solicitar estas prazas. Facelo é unha garantía de que van obter destino. Non ten sentido que o profesorado en expectativa poda pedilas e quen aproba a oposición, non. **A Consellaría revisará a nosa proposta.**
- **Artigo 6.d)** Importante novidade. O persoal interino e substituto ten a obriga de facer unha solicitude (no caso de estar en varias listas, abonda con participar nunha). **De non ser así, decae de todas. Ante a nosa insistencia na preocupación que existe de que haxa xente que poida quedar fóra a Consellaría afirma que procurará tomar todas as medidas para informar ás persoas afectadas.**
- **Artigo 7.c)**
 - Aparece recollido o que xa se viña facendo: o profesorado de Servizos á Comunidade pode pedir Prácticas e Actividades.
- **Artigo 9.**
 - O corpo de cátedras de CMUS pedirá destino provisional neste CADP. Sen embargo non ten ningún sentido que aparezan especialidades que non existen en Galiza para este corpo.
 - A Consellaría ten previsto colocar a profesorado do corpo de profesores de música e artes escénicas nos CMUS superiores para impartir materias como Formación Instrumental Complementaria, mais sen recoñecer o nivel 26, e cobrando o mesmo que nun CMUS profesional. Para a CIG-Ensino o criterio non pode ser outro que o que se aplica no caso de mestres na ESO:

percibir un complemento que equipare impartición de docencia na mesma etapa educativa. **A Consellaría non o acepta.**

- **Artigo 13. b)** Orientación no corpo de mestres. Na redacción afírmase que calquera persoa que teña unha das titulacións requiridas pode solicitar prazas. Ten que recollerse, como pasa coas prazas bilingües, que esta titulación debe constar nos datos persoais. Pedimos aclaración sobre se isto afecta ao persoal interino. **A Consellaría afirma que no caso dos e das interinas a listaxe non se actualiza e só poden pedir as persoas que inicialmente presentaron esa titulación e conformaron a lista inicial.**
- **Artigo 13. c)** Mantense a discriminación do profesorado de PT e AL co resto que imparte na ESO. Demandamos que se recupere o cobro do complemento compensador. **A Consellaría insiste na súa oposición frontal a pagar ese complemento.**
- **Artigo 15 e 16.** Mantense a redacción no caso da adxudicación do dereito preferente no caso de mestres. Só se exclúe o Inglés. A CIG-Ensino defende que só se poda adxudicar de oficio polas especialidades que se teñan recoñecidas.
- **Artigo 18.2** Recomendación para a aplicación de CADP: que figure unha alerta ou aviso no marcador das provincias, indicando que se se marcan se participa en todos os centros da provincia.
- **Artigo 19.** Destino de oficio (condicións)
 - Mestres suprimidos: non se debería colocar de oficio fóra da localidade ou zona a ningunha persoa suprimida, teña exercido o dereito preferente ou non. **A Consellaría manterá o texto como está**
 - Comisións de saúde e concilia: se unha persoa non fai a solicitude ordinaria terá unha de oficio da Consellaría (no caso do

funcionariado de carreira e prácticas).

Solicitamos que, se ser así, a Consellaría rescate a presentada no último curso.

- **Artigo 20.** Prazo. Fixarase anualmente na convocatoria. Aprobadas nas oposicións: dous días hábiles desde o día seguinte ao que se publique a lista. **É o mesmo prazo que aparece na convocatoria das oposicións e non o van cambiar.**
- **Artigo 21.** Validez da solicitudes para vindeiros cursos. Coa excepción deste ano, no que todo o mundo ten que facela pola nova vía da sede electrónica, non terán que facerse novas solicitudes se non se queren cambiar as peticións.
- **Artigo 23.1.** Vacantes: as de secundaria son competencia das direccións e a de mestres pola xefatura de inspección. Non existe control sindical. As prazas teñen que ser coñecidas con antelación polo profesorado. Hai prazo suficiente. E ten que existir un contraste, unha negociación das prazas coa representación sindical. **A Consellería di estar disposta a que se negocien as de mestres nas Xuntas de Persoal mais non as de secundaria**, algo que a CIG-Ensino rexeita totalmente.
- **Artigo 23.3.** Afíns: 2 como máximo. Manteñen os ámbitos fóra da consideración de afíns. Demandamos que se suprima a autorización da inspección educativa para ter máis afíns. Permitilo pode interferir na adxudicación de destinos. Demandamos que só poda haber unha afín e que, en todo caso, se regulen, previa negociación, que afíns pode ter cada especialidade, tanto para cargar as vacantes como para pedilas.
- **Artigo 23.5.** Mantense que non se oferten as resultas dun docente que colle unha vacante doutro corpo. Isto supón un problema.

Exemplo deste ano: os PES con destino definitivo que aproben o acceso a Inglés (EOI) deixarán unha resulta nun IES que non se vai cubrir e estas prazas quedarían para substitutos. **A Consellaría acepta a proposta da CIG-Ensino e buscará unha solución para estes casos.**

- **Artigo 24.4** Orde de adxudicación.
 - Apartado g). O profesorado en prácticas (que será de carreira en setembro) con comisión de servizos por conciliación non aparece citado expresamente. **A Consellaría revisará o texto.**
 - Apartado n-o). Diferénciase a persoal interino de substituto, cando a propia lista xa os ten ordenados e cando en moitos casos a denominación é unha ficción, xa que hai que figura como substituto sendo interino. Noutros apartados figuran xuntos (apartado m, concilia). Solicitamos que se unifique o texto.
- **Artigo 24.9** Hai que cambiar a redacción deste artigo, xa que ao haber dúas instancias non ten sentido (quen sendo expectativa ten concilia ou saúde e non lle dan destino por estes motivos). “... participará na adxudicación de destinos coa solicitude ordinaria.” **A Consellaría revisará a nosa proposta.**
- **Artigo 24.10.** Persoal docente de fóra. Especificar que a comisión que pode obter é a de saúde. **A Consellaría revisará a nosa proposta.**
- **Artigo 24.13.** A Consellaría introduce na norma unha aclaración sobre como se computan as persoas interinas e as prazas a efectos de ter dereito a unha comisión de saúde ou concilia: se a unha interina lle deron por outra especialidade ou corpo non se computa para determinar cantos interinos van ter praza

nunha especialidade (para saber en que posto está o corte para saúde ou concilia).

- **Artigo 26 e 27.** Dereito preferente á localidade. Prioridade de desprazados sobre suprimidos. É contradictorio co dereito preferente a centro. No CXT o suprimido está por diante do desprazado. Entendemos que debe ser o mesmo criterio.
- **Artigo 28.** Vacantes bilingües e itinerantes. O artigo 18.1. está mellor expresado: “No caso de solicitar provincia enténdese que se piden todos os centros da provincia pola orde que figuran nos correspondentes anexos, incluídas tamén as prazas con itinerancia e afíns agás que se exclúan expresamente no recadro establecido na solicitude. En consecuencia, de corresponderlle, adxudicaráselle praza en calquera dos centros da provincia”. Solicitamos que quede claro que só se poden ter en conta a afíns que se piden expresamente.
- **Artigo 29 e 30.** A excepción do idioma estranxeiro como afín debe figurar tamén para mestres.
- **Artigo 31.** Péchase a posibilidade de que nun futuro se acepte que un interino PES que traballe nunha EOI poda puntuar como PES, xa que se di expresamente que se fai nomeamento como profesor de EOI. Estamos en desacordo. A Consellaría debe recoñecer eses servizos como prestados no corpo de orixe. **A Consellaría non acepta.**
- **Artigo 32.**
 - Adxudicación de destino de oficio. Solicitamos que se indique na adxudicación o profesorado a quen se lle deu concedeu destino de oficio.
 - Ao respecto dos centros excluídos da adxudicación de oficio as prazas diferentes

de PT e AL en Centros de Educación Especial.
Revisarán a nosa demanda.

- **Artigo 33 e 34.** Prazo para petición de provincia como persoal substituto e concellos: 16 de xullo a 17 de agosto. Solicitamos ampliar a 1 de setembro. **Non o aceptan.**
- **Artigo 37:** fixa cando se publica e que inclúe a convocatoria anual. Non se inclúe ningunha referencia ás vacantes e a prazos de reclamación, algo que sempre figuraba no corpo de mestres. Tendo en conta o texto que se nos dá como pechado e fixo desaparece calquera control externo á inspección e ás direccións dos centros. Deben publicarse as vacantes con suficiente antelación e debe existir un prazo para reclamar, con tempo abondo para poder negociar esas vacantes polas organizacións sindicais. Do contrario está claro que se opta pola falta de transparencia e control.
 - Prazo para reclamar relacións de persoal: 5 días hábiles
 - Fixarase data da resolución provisional e prazo para reclamacións e renuncias. Solicitamos que estas datas sexan concretas.
 - Adxudicación definitiva. Indicar que tamén se publicará no DOG. **Afirman que se publicará.**
 - Centros
- **Artigo 39.** Tal e como dixemos no debate de cada modificación do acceso e condicións de traballo do persoal interino non ten sentido limitar aos contratos temporais a posibilidade de renunciar. Calquera contrato de traballo é temporal, porque en calquera momento poden despedir alguén. Temos o problema do autoemprego forzoso (autónomos). O prazo de renuncia de tres anos debería ser para calquera persoa con outro contrato, sexa do tipo que

sexa. **A Consellaría négase porque implica modificar o acordo cos demais sindicatos que non se pronunciaron ao respecto.**

- Habilítase un novo prazo para que o persoal interino ou substituto poda solicitar a non participación na convocatoria. Será ordinariamente do 15 ao 31 de maio. Neste curso será transitoriamente do 1 ao 11 de xuño.
- **Artigo 41.** Toma de posesión. Non se aproveita para unificar a toma de posesión a 1 de setembro. Incidimos na nosa demanda de que o profesorado poda tomar posesión con tempo a participar na elección de grupos. A Consellaría non só non atende a nosa demanda senón que afirma que seguramente a adxudicación será máis tarde que o curso pasado.
- **DA 1ª.** Substitución zonal. 40 km Reducir a 30km.
- Chama a atención que as e os inspectores sexan os únicos que non teñen que usar a sede electrónica para concursar. Se se obriga ao profesorado a facelo terá que ser para todos os corpos, tamén para a Inspección.
- **DA 3ª.** A Subdirección poderá facer cambios (novos códigos, desdoblamento...) Se as modificacións son unha vez pechado o prazo de solicitudes as persoas poderán rexeitar os cambios no prazo de 3 días hábiles desde que se publique no DOG. Debería habilitarse a posibilidade de facer cambios.
- **DA 4ª.** Ábrese a posibilidade dun prazo extraordinario no caso de supresións posteriores ao prazo ordinario.
- **DT 1ª.** Hai un erro na redacción. É xustamente ao revés. Confirman o erro e vano corrixir.



19 XUÑO
XORNADA
NACIONAL
DE MOBILIZACOES

XA É HORA DE RECUPERAR OS NOSOS DEREITOS!

na Galiza,
empregos,
salarios
e pensións
dignas

Vigo A Dobrada, 20h	Lugo Edificio Sindical, 20h	A Coruña Pza. de Vigo, 20h	Pontevedra Pza. da Ferreiría 20h
Santiago Pza. Roxa, 20h	Monforte Pza. de España, 20h	As Pontes Pza. do Hospital, 19h30	Vilagarcía Casa do Mar, 20h
A Pobra do Caramiñal Cantón da Leña, 20h	Burela Local CIG, 20h	Cee Pza. 8 de marzo, 20h	A Estrada Pza. do Mercado, 20h
		Ferrol Pza. de España, 20h	Ourense Edificio Sindical, 20h

cig
Confederación Intersindical Galega
cig.gal

OS NOSOS LOCAIS

SANTIAGO (Local Nacional)
Rúa Miguel Ferro Caaveiro 10
15706 Santiago de Compostela
☎ 981 57 68 00 / Fax 981 575 839
santiago@cig-ensino.gal

A CORUÑA
Rúa Alfonso Molina s/n
15007 A Coruña
☎ 981 169 810 / Fax 981 291 735
acorunha@cig-ensino.gal

BAIXO MIÑO
Praza da Guía 3, Baixo
36780 A Guarda
☎ 986 610 465 / Fax 986 610 465
baixomiño@cig-ensino.gal

MORRAZO
Rúa Atranco 19a, Entrechán 1
36947 Cangas
☎ 986 302 987 / Fax 986 302 987
morrazo@cig-ensino.gal

FERROL
Rúa Eduardo Pondal 41-43
15403 Ferrol
☎ 981 358 750 / Fax 981 358 760
ferrol@cig-ensino.gal

LUGO
Ronda da Muralla 58, Baixo
27003 Lugo
☎ 982 245 023 / Fax 982 2453 891
lugo@cig-ensino.gal

OURENSE
Parque de San Lázaro 12, 4º
32003 Ourense
☎ 988 238 350 / Fax 988 222 855
ourense@cig-ensino.gal

PONTEVEDRA
Rúa Pasanteria 1, 2º Esquerda
36002 Pontevedra
☎ 986 861 513 / Fax 986 855 050
pontevedra@cig-ensino.gal

A MARIÑA
Avenida de Galicia 20, 1º
27700 Ribadeo
☎ 982 129 593 / Fax 982 129 593
amarinha@cig-ensino.gal

VAL DE MONTERREI
Rúa Pedro González 5, 1º
32600 Verín
☎ 988 412 345 / Fax 986 411 013
verin@cig-ensino.gal

VIGO
Rúa Gregorio Espino 47, Baixo
36205 Vigo
☎ 986 827 935 / Fax 986 262 844
vigo@cig-ensino.gal

SALNÉS
Rúa Alexandre Bóveda 2, 2º
36600 Vilagarcía
☎ 986 505 323 / Fax 986 505 323
salnes@cig-ensino.gal